O ano xubilar incluirá actividades en lugares como Mondoñedo, Santiago, Celanova e Braga

# A Igrexa galega reivindica o espírito de San Rosendo no seu XI centenario

*O programa prevé desde un congreso científico ata mostras de arte medieval e peregrinacións*

**Ramón Loureiro**
FERROL

■ A Igrexa volve a mirada a unha das grandes figuras da Galicia medieval, San Rosendo. E faino con motivo do XI Centenario do santo, nado no ano 907 no seo dunha aristocrática familia directamente emparentada co máis alta nobreza do seu tempo. Pero tamén para reivindicar o legado de quen foi ante todo, e máis alá do seu labor evanxelizador, o pacificador dunha sociedade atormentada e un bispo entregado aos pobres: un home que deu canto tiña para intentar aliviar o sufrimento dos máis desfavorecidos.

O arcebispo de Santiago, Julián Barrio, presidirá o día 19 de novembro, na antiga catedral de San Martiño de Foz, para a que agora se demanda o título de basílica, o comezo dunhas celebracións que rematarán 12 meses despois, en Mondoñedo, cunha celebración litúrxica presidida por Ricardo Blázquez.

Durante todo un ano (os actos, en realidade, empezarán a principios de novembro) haberá desde peregrinacións a lugares como Dumio e Celanova ata un congreso en Compostela, previsto para a próxima primavera, e unha mostra itinerante sobre San Rosendo e o seu tempo. O 3 de decembro, o nuncio do Papa, monseñor Monteiro, visitará, en lembranza do santo, a concatedral ferrolá de San Xiao.


PEPA LOSADA

Os actos comezarán na basílica de San Martiño, en Foz

**O PERFIL |**

## Símbolo dun tempo e unhas terras acosadas polos normandos

■ Nado nas inmediacións de San Tirso, moi cerca do que hoxe é a cidade de Porto, San Rosendo foi bautizado no ano 907. Ordenado bispo con só 18 anos e rodeado desde moi novo dunha intensa sona de santidade que acabaría por levalo aos altares (faleceu no ano 977, e en 1172 xa foi canonizado polo cardeal Xacinto Bobo), no ano 955 o rei Ordoño III encomendoulle o goberno de todos os territorios galegos que antes rexera seu pai, o conde Gutier. Tivo que facerlles fronte, entre outros, aos normandos. Pero a súa vocación era a paz, non a guerra.

**Entrevista** | Segundo Leonardo Pérez López

CATEDRÁTICO DA UNIVERSIDADE PONTIFICIA E COORDINADOR DA PROGRAMACIÓN DO XI CENTENARIO

# «Foi un pacificador da sociedade do seu tempo e un defensor de Galicia»

R. L. | FERROL

■ O director do Instituto Teolóxico Compostelán e catedrático da Universidade Pontificia Segundo Leonardo Pérez López é o delegado diocesano para o ano xubilar de San Rosendo. E como tal, o coordinador dos actos do XI centenario. Agora vén de publicar, en forma de libro, un novo ensaio sobre o santo e sobre o momento histórico que lle tocou vivir.

**—¿Quen foi realmente San Rosendo, aquel bispo e monxe nado hai once séculos?**

—Pois ante todo, e ademais de monxe e bispo, San Rosendo foi un pacificador da sociedade do seu tempo e un defensor de Galicia.

**—Dunha Galicia, aquela, especialmente convulsa...**

—Si, pero desde a que el, unha figura fundamental, ten que seguir sendo para os cristiáns de hoxe o exemplo dunha fe comprometida cunha terra e cun pobo.

**—E para os non crentes, ¿que debería representar en Galicia a súa figura?**

—Pois para os non crentes eu penso que San Rosendo pode ter hoxe tamén un gran significado, pola súa concepción do que significa unha Galicia con identidade propia, aberta, culta e sempre coa mirada posta no futuro. Creo ademais que é moi importante recordalo agora, cando Europa toma conciencia da súa unidade, lembrando que a súa influencia foi moito máis alá da península Ibérica. Hai que lembrar o seu labor a través dun monacato de modelo carolino que fixo dos mosteiros grandes centros de coñecemento, un modelo no que xa hai moitos precedentes do que sería o monacato beneditino. E cómo o seu prestixio foi medrando e medrando máis alá dunha Galicia que daquela chegaba ata o Douro. E non só iso...

**—Dígame, logo.**

—San Rosendo foi un gran libertador. E entre tantos servos como puxo en liberdade había, por certo, moitos musulmáns.



Pérez López sinala a vixencia da figura de San Rosendo

## British Airways prohíbe a una empleada lucir un crucifijo

EFE | LONDRES

■ La aerolínea British Airways ha prohibido a una empleada lucir un collar con un crucifijo, según publicaba ayer el *Daily Mail*. Según el diario, Nadia Eweida, que tiene 55 años y trabaja en los mostradores de facturación de BA en la terminal 4 del aeropuerto londinense de Heathrow, fue enviada a su casa el pasado mes por su negativa a quitarse la cruz. Eweida, que ha trabajado para la aerolínea durante los últimos siete años, va a demandar a su empresa por discriminación religiosa, tras haber sido suspendida de empleo durante dos semanas. «No voy a ocultar mi creencia en Jesús. BA permite a los musulmanes llevar un pañuelo, a los sijs portar un turbante y el lucimiento de otras prendas religiosas», dijo.

## El Gobierno de Túnez carga contra el uso del velo islámico

EFE | TÚNEZ

■ El Gobierno tunecino inició ayer lo que parece ser una campaña oficial contra el uso del velo islámico por parte de las jóvenes tunecinas, al aludir a su carácter «sectario y de inspiración extranjera». Con motivo del mes del Ramadán se ha podido percibir en Túnez un incremento considerable de las vestimentas femeninas islámicas, el velo en particular, que el Gobierno rechaza como ajeno a las tradiciones tunecinas.

El ministro de Exteriores, Abdelwaheb Abdallah, afirmó ayer ante un grupo de militantes: «El velo islámico es una proclama política que defiende un grupúsculo, el cual se disimula detrás de la religión para llevar a cabo acciones políticas». Alertó también sobre el peligro de «vestimentas sectarias».

OPOSICIONES ENSEÑANZA

☐ Preparación exhaustiva del examen práctico y de todos los temas.
☐ Modelos de programación y unidades didácticas.
☐ Elaboración de los planes de apoyo y programas de intervención.
☐ Seminarios paralelos para reforzar "ideas-claves".
☐ Simulacros de todas las pruebas de la oposición.
☐ Profesorado con la oposición aprobada y con experiencia en tribunales.
☐ Temarios y material didáctico gratuito.

engade formación

Único centro en Galicia dedicado exclusivamente a las oposiciones de enseñanza

Lider en número de aprobados (primaria, secundaria e inspección)

Rda. de Outeiro 230-B, 1º - La Coruña

Tel. 981 142 976

www.engade.com

ASEGURA TU FUTURO
Comienzo inmediato de todas las especialidades

PRIMARIA
☐ Educación Física (5 de octubre)
☐ Inglés (5 de octubre)
☐ Pedagogía Terapéutica (30 sept.)
☐ Audición y Lenguaje (30 sept.)
☐ Francés (octubre)
☐ Educación Infantil (23 sept. / 6 oct.)
☐ Música (octubre)

PLAZAS LIMITADAS!

Preparamos para otras comunidades

SECUNDARIA
☐ Biología y Geología (5 octubre)
☐ F.O.L. (20 de octubre)
☐ Orientación (6 de octubre)
☐ Tecnología (20 de octubre)
☐ Geografía e Historia (6 octubre)
☐ Lenguaje y Literatura (30 sept.)
☐ Gallego (30 de septiembre)
☐ Informática (octubre)
☐ Inglés / E.O. Idiomas (6 oct.)
☐ Física y Química (30 sept.)
☐ Educación Física (octubre)
☐ [illegible]